

ACTUACIÓN DE POSTA EN VALOR E RECUPERACIÓN EN SENDA DO RÍO MACEIRAS



Declaracións na prensa do alcalde o do concelleiro de Medio Ambiente:

*“O alcalde cualificou de fundamental o convenio para poder desenrolar este proxecto, que dará a coñecer o valor natural e ecolóxico da zona e **axudará a protexer e conservar a biodiversidade** que temos ao longo da canle do río Maceiras”, explica.”*
20/09/2014.

*“O concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Ángel Álvarez, destaca a importancia deste novo sendeiro que potenciará os valores naturais desta zona para o seu uso polos cidadáns, e sinala que a actuación será **respectuosa coa diversidade** ao longo da canle do río Maceiras”. 10/12/2014.*



Mal empezamos con este obxectivo se no inicio da senda o que plantamos son especies foráneas. Entre elas: unha palmeira, un rododendro (*Rhododendron arboreum*) de orixe asiática, e uns fentos de orixe australiana (*Cyathea cooperi*).

Ao noso humilde entender, **neste espazo axardinado puideron poñer flora típica do bosque de ribeira.** Por exemplo: un salgueiro ou un amieiro, que son as árbores que

soen ocupar a liña máis preto ao río, e de por fentos, os máis típicos no noso bosque de ribeira son: Fento Femia (*Athyrium filix-femina*), Fenta (*Blechnum spicant*) e Detambrú ou Fento Real (*Osmunda regalis*).

Polo momento, o único que plantaron na senda foi un acivro de xardín (*Ilex aquifolium* "argenteomarginata"). Se a intención é pór en valor a flora propia deste ecosistema, meter esta especie non ten moito sentido; en tal caso deberían meter o acivro que se atopa nos nosos montes (*Ilex aquifolium*).



Entendemos que haxa que realizar unha roza mínima para facer a senda, pero nesta actuación rozaron varios metros no entorno da mesma.

Agardamos que esta roza fora para facilitar a retirada do lixo e agora deixen crecer a flora da zona plantado especies características deste entorno, evitando a proliferación de especies invasoras, tal como ven recollido no proxecto: "*Ademais, a vexetación ripícola vese ameazada pola existencia de numerosas especies foráneas de grande capacidade de invasión que na actualidade colonizan gran parte do espazo, sobre todo o tapiz do sotobosque.*"

E non a fixeran para facer un xardín, medo nos da.



Mirar a diferenca entre a ribeira sen rozar e a rozada:



Estas zonas de sotobosque con silveiras, fentos, herbáceas, arbustos..., serven de refuxio para una gran variedade de fauna e **son garantes da biodiversidade do entorno.**

Tamén nos chamou a atención que eliminaran varias arbores propias da zona e deixaran un par de árbores de gran porte e de alta capacidade invasora como a acacia negra (*Acacia melanoxylon*) (foto na páxina seguinte). Esperemos que dende o Concello se tomen as medidas axeitadas par conservar a biodiversidade e a fermosura natural deste entorno. E se non saben que especies teñen que poñer, consulten con expertos/as o en internet, que hai moitísima información, ata recomendacións dos seus xefes da Xunta de como proceder nestes entornos.



ACACIA NEGRA